Club Patrulla Fluvial

1. Presentación do club

O club **Patrulla fluvial** nace porque un grupo de alumnado de 3º de ESO temos unha grande preocupación pola saúde dos ríos da nosa contorna.

Cansos e cansas de ver lixo, contaminación e espazos naturais abandonados, decidimos poñernos mans á obra e crear un club no que poidamos facer algo útil polo noso medio ambiente. Queremos investigar e actuar para mellorar o ecosistema fluvial que forma parte da nosa vida cotiá, xa que é moi importante na nosa bisbarra.

Non queremos facelo sós. Pensamos que coa forza dun grupo máis grande podemos conseguir cambios máis importantes. Se ti tamén sentes que é o momento de deixar de mirar para outro lado e empezar a coidar o que é de toda a sociedade, este club é para ti. Só tes que ter ganas de axudar, non fai falta ser unha persoa experta.

Únete a nós e participa nun proxecto que importa de verdade. En grupo podemos recuperar espazos naturais, concienciar á comunidade e demostrar que a mocidade ten moito que dicir cando se trata de protexer o planeta. O río está aí, agardando por nós... ¿sumámoste?

Asinado: a directiva do club

En IES Estudando Moito, a 30 de setembro de 2025

2. Valores do club

Os valores de **Patrulla fluvial** son a nosa identidade e a base das nosas accións que nos axudan a traballar en conxunto de forma comprometida co medio ambiente.

- **Respecto polo medio ambiente.**

  Actuar conscientemente para reducir a contaminación, promover a reciclaxe e xerar prácticas sostibles.

- **Responsabilidade individual e colectiva**

  Asumir a responsabilidade individual e colectiva cumprindo cada persoa co seu deber e traballar en conxunto para limpar os ríos e reducir a contaminación.

- **Colaboración e traballo en equipo**

  Sumar a colaboración de todos e todas para acadar un obxectivo común.

- **Inclusión**

  Crear un espazo aberto para todas as persoas, sen importar idade, xénero, orixe ou capacidade física.

- **Seguridade**

  Garantir que todas as actividades se leven a cabo con medidas que protexan a integridade física das persoas voluntarias.

3. Regras do club

1. **Participar activamente** nas actividades programadas.
2. **Respectar o material** e cumprir as normas de seguridade.
3. Manter unha **actitude colaborativa.**
4. **Seguir as instrucións** do equipo coordinador.
5. Coidar e **protexer a contorna natural** en todo momento.
6. Contar coa **autorización asinada polas persoas titoras legais.**
7. Respectar e tratar por **igual a todas as persoas membros do grupo.**
8. **Empregar un EPI adecuado** para as actividades que se realicen.
9. **Non publicar imaxes de menores** sen autorización expresa.
10. Comunicar ao equipo coordinador o **achado de residuos perigosos.**

4. Proposta de actividades

1 **Limpezas:**

1.1 Saídas ao río.

1.2 Recollida de residuos.

2 **Formacións:** sesións de aprendizaxe sobre:

2.1 Ecosistemas.

2.2 Seguridade.

2.3 A contorna.

3 **Taller de reciclaxe:**

3.1 Clasificación dos distintos tipos de residuos para poder facer reciclaxe diferenciada.

3.2 Pesado dos residuos para a elaboración de estatísticas.

4 **Obradoiros sobre biodiversidade.**

5 **Campañas de sensibilización no centro:**

5.1 Exposicións de mostras dos residuos atopados.

5.2 Fotografías.

5.3 Vídeos.

6 **Rexistro e análise de datos sobre o estado do río.**